Universidade Vigo
Campus de Ourense
Escola Superior de Enxeñaría Informática
Centro certificado FIDES-AUDIT
Selo de calidade Euro-Inf

Edificio Politécnico
Campus universitario
32004 Ourense
España

Tel. 988 387 000
Fax 988 387 001

esei.uvigo.es

INFORME REUNIÓN COORDINACIÓN 1º CURSO 1º CUADRIMESTRE DE GRAO EN ENXEÑARÍA INFORMÁTICA – 19 de xaneiro de 2024

Día: 11 de xaneiro de 2025
Hora: 11:30 h
Lugar: Virtual - Campus Remoto

Asistentes: Eva Lorenzo Iglesias, Carlos Castro Miguens, José Ángel Cid Araújo, Xabier García Martínez, María José Lado Touriño, Martín Bolaños Acosta, Gonzalo Rodríguez Cocaño, Saúl Lago Lago, Félix Osorio Feijóo, Héctor Calviño Canitrot.

Cumprindo co Plan de Coordinación Docente da ESEI, tivo lugar na data e hora indicadas a reunión de coordinación do 1º cuadrimestre para o 1º curso do Grao en Enxeñaría Informática, para o curso 2024-2025.

Para coñecer todas as opinións, incidencias, problemas detectados por todo o colectivo implicado, acudiu a esta reunión parte do profesorado responsable das diferentes asignaturas, e o alumnado delegado de curso e da delegación da ESEI

Inicialmente, o profesorado responsable falou do desenvolvemento da docencia e da avaliación na súa asignatura. Despois, o alumando participou coas súas opinións e comentarios. A continuación, preséntanse os comentarios e conclusións máis relevantes.

COMENTARIOS DO PROFESORADO:

MATERIA: SISTEMAS DIXITAIS (SD)

O profesorado indica que o acontecer do curso foi coma en anos pasados, e que non hai nada relevante que destacar. Unicamente comenta que o grupo 3, que era o máis numeroso, non foi un problema porque a meirande parte das sesións foron en aula, e non había problemas de aforo, e nas prácticas que houbo en laboratorio, como non asistiu moita xente, tampouco presentou dificultade.

A asistencia diminuíu ademais despois da realización do primeiro exame.

MATERIA: ANÁLISE MATEMÁTICA (AM)

O profesorado responsable indica que todo funcionou ben, segundo o previsto. Non houbo incidencias relevantes.

Comenta que o elevado número de alumnado no grupo 3 non presentou problema porque reasignaron algúns estudantes noutros grupos. Porén, solicita, na medida do posible, que o número de pesoas asignadas por grupo para vindeiros cursos sexa o máis homoxéneo posible, para facilitar a avaliación continua e o normal desenvolvemento do curso, xa que é difícil manexar un número tan elevado de estudantes nun grupo.

Indica tamén que detectaron un grupo de alumnado pouco participativo nas clases, e con dificultade para falar en público. Isto non pasou en todos os grupos de práctica, unicamente nalgúns.

Edificio Politécnico
Campus universitario
32004 Ourense
España
Tel. 988 387 000
Fax 988 387 001
esei.uvigo.es

MATERIA: FUNDAMENTOS MATEMÁTICOS PARA A INFORMÁTICA (FMI)

Comenta o profesorado responsable que tampouco hai nada destacable que sinalar.

MATERIA: PROGRAMACIÓN I (PRO I)

O profesorado comenta que este ano cambiaron o sistema de avaliación, e non houbo probas na plataforma Moovi, como en anos anteriores. O alumnado tivo que facer, durante o cuadrimestre, dous cuestionarios referentes a contidos teóricos, e outro dos de contidos prácticos, ademais de dúas probas de práctica nos laboratorios. Introduciuse ademais gamificación a través da obtención de insignias e puntos de experiencia ao ir acadando obxectivos e puntuacións, e con bonificación para o alumnado mellor clasificado ao remate do curso.

Aínda que non están publicadas as cualificacións aínda, estímase a porcentaxe de aprobados en avaliación continua arredor do 50%, como o curso pasado. O profesorado segue considerando que a taxa de alumnado suspenso é debida fundamentalmente á falta de estudo. De feito, na enquisa propia da materia que se lle pasou ao alumnado, este indicou unha dedicación semanal media de 4-5 horas. Pero esta materia de 12 ECTS require un traballo medio autónomo semanal de 9 horas, e o traballo persoal estivo moi por debaixo deste tempo.

Tamén se observou que a asistencia media tanto ás clases de aula grande como ás de laboratorio estivo arredor de 20 sesións (as totais foron sobre 26). Pensa o profesorado que esta asistencia responde unicamente ao alumnado que asistiu á clase, que nas últimas sesións non era máis do 50% do total, dado que a enquisa foi cuberta nunha sesión de aula grande. De feito, unicamente foi respostada por 45 estudantes.

Igual que o ano pasado, nesa mesma enquisa preguntáronse opinións do alumnado sobre os aspectos como os seguintes (todas valoracións estaban entre 1 e 5): motivación do alumnado (3.9); resolución de dúbidas (4.1); actividades de aprendizaxe adecuadas (3.7); axuda do profesorado (3.9); material proporcionado (4.0); actividades de avaliación realizadas (4.1 os cuestionarios, 3.8 as probas prácticas); utilidade das actividades (entre 3.5 os puntos de experiencia e o 4.2 os cuestionarios de avaliaciación voluntarios). A satisfacción xeral coa materia foi de 4.1.

COMENTARIOS DO ALUMNADO:

O alumnado unicamente comentou que, na materia de PROI, os exames de prácticas eran de distinta dificultade nos diferentes grupos de práctica.

O profesorado responsable indicou que a dificultade foi a mesma, e comentou que enviou un correo electrónico a todos o profesorado da materia, indicando os contidos que se debían preguntar, e que cada docente elixiu, de entre todos ese contidos, os que considerou oportunos. Todo o profesorado dispuxo de todos os enunaciados antes de facer as probas, fixo comentarios, e se verificou que todos foran do mesmo grao de dificultade.

Comentou tamén o profesorado responsable que os exames dos diferentes grupos teñen que facerse obrigatoriamente en diferentes días, e que o alumnado do primeiro día pode ter por iso a sensación de que as súas probas son máis complicadas, porque non ten referencias. Pero realmente, todas teñen a mesma dificultade.

Edificio Politécnico
Campus universitario
32004 Ourense
España
Tel. 988 387 000
Fax 988 387 001
esei.uvigo.es

CONCLUSIÓNS XERAIS:

Como conclusións máis importantes pódense destacar:

1) O curso transcorreu con total normalidade, e non se atoparon problemas que provocasen un desenvolvemento anómalo das clases.

2) Atopouse algún grupo de alumnado pouco participativo e con dificultade para falar en público.

3) Sería recomendable que todos os grupos de estudantes foran homoxéneos en relación co número. Co aumento de grupos para o curso que vén, é posible que isto quede xa solucionado.

4) Os horarios foron do agrado do alumnado. Puido haber algún problema co estudantado que viña de fóra de Ourense, pero se solucuonou cun cambio de grupo.

Ourense, 10 de xaneiro de 2025



Asdo. María José Lado Touriño

Coordinadora de Primeiro de Grao en Enxeñaría Informática